

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DAS BOLSAS DE TRABALLO DE PERSOAL INTERINO DOS CORPOS XERAIS AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA CONVOCADAS POLA RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA DO 28 DE XANEIRO DE 2022

En cumprimento do disposto no artigo 12 da Orde do 4 de outubro de 2019 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, así como no artigo 8 da Resolución do 28 de xaneiro de 2022 pola que se convocan bolsas de traballo de persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, e unha vez vistas as solicitudes recibidas e baremados os méritos acreditados polas persoas aspirantes,

RESOLVO:

1.- Aprobar as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas das bolsas de traballo de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial, así como a súa baremación provisional, e acordar a súa publicación no sitio web da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais na intranet de Xustiza.

2.- Os/As interesados/as terán dez días hábiles a partir da súa publicación para presentar as alegacións que consideren pertinentes utilizando o formulario electrónico dispoñible na aplicación informática, presentación que se deberá realizar de acordo co disposto no artigo quinto da Resolución do 28 de xaneiro de 2022.

O/A Director/a Xeral de Xustiza

(Disposición adicional terceira do Decreto 214/2020, do 3 de decembro)

A Secretaria Xeral Técnica

Elena Muñoz Fonteriz

